

IMOS PARA O INSTITUTO



Despois de pasar os primeiros anos da nosa vida escolar no mesmo centro, cos mesmos mestres e compañeir@s chega o momento dun cambio importante: ¡ **Ímonos ao instituto** !. Agora pasamos de ser os maiores do colexio aos pequenos do instituto. Debemos adaptarnos da mellor maneira posible aos cambios desta nova etapa.

Os nos@s alumn@s ao longo da súa escolarización pasan por tres cambios importantes:

- O paso do entorno familiar á etapa de infantil.
- A sucesión de etapas educativas diferenciadas.
- O cambio do sistema educativo ao mundo laboral.

Estas tres transicións esixen ao xoven unha serie de cambios e reaxustes en horarios, en adaptacións a novos espazos, novos compañeiros, novas esixencias e normas...



A vida dunha persoa supón, e cada vez máis no noso mundo, saber adaptarse aso cambios.

1.- Características das etapas de Educación Primaria e da Educación secundaria.



- EP é unha etapa obligatoria para tod@s os alumn@s de 6 a 12 anos; a educación é comprensiva (todos terán que lograr uns mínimos iguais para todos) e tamén propedéutica (preparatoria para futuros estudos). En Primaria prepárase para Secundaria. Ten unha duración de seis anos agrupados en tres ciclos.

-ESO é tamén unha etapa obligatoria para todos os alumn@s de 12 ata os 16 anos, a súa duración é de catro anos, e é tamén comprensiva e propedéutica, xa que prepara para o mundo laboral ou a Ciclos Formativos de Grado Medio ou Bacharelato. Pero esta etapa é ademáis terminal, ao acabar o alumnado que logrou adquirir os obxectivos da etapa recibe un título de Graduado en ESO, que lles permite acceder a estudos superiores. Esta etapa tamén dá acceso ao mundo laboral.

2.- Cambios que se suceden ao longo dos 10 anos de escolarización obligatoria:

- O nen@ ten que adaptarse a adaptarse a cambios suaves pois dentro dun mesmo curso hai procesos graduais de adaptación ao cambio como os estilos educativos de diferentes profesores.
- Tamén debe adaptarse a cambios un pouco máis intensos ao ir pasando dun ciclo a outro, pois aumemta pouco a pouco o nivel de esixencia e a dificultade.
- Cambios máis difíciles de asimilarr e con maior discontinuidade co anterior son os cambios de etapa, pois na maioría dos casos implica un cambio de centro escolar.

- Tamén dábanse casos en que o alumn@ cambia de rexión, de país, de contexto lingüístico.

3.- ¿ Que significa desde o punto de vista pedagógico o cambio?

Según Gimeno Sacristán, non é un acontecemento puntual senón que:

- Dura un tempo.
- Conleva un cambio de entorno e certa ruptura.
- Indica momentos en que a persoa sente inquietude, certo nerviosismo...
- Apela a acontecementos importantes que poden deixar huella.
- Implica transformacións e procesos de adaptación con consecuencias no futuro e no seu crecemento.
- Sinala a posibilidade de experimentar traumas ou molestias importantes.
- .Pode anunciar despegues liberadores.

O cambio implica pasar por **3 etapas**:

- **Antes do cambio.** Período de preparación no que a persoa se separa do período anterior (por ex: 6º EP)
- **Durante o período.** Tempo de paso ou de reincorporación á nova etapa (por ex. Chegar ao IES ou á ESO).
- **Despois do cambio.** Período de reaxuste á nova situación (por ex. 1º da ESO).



Todos estes cambios deben implicar unha serie de actuacións desde os centros educativos para facilitalos.

4.- A pubertade e o comezo da adolescencia coincide co cambio da etapa de Primaria a Secundaria.

A organización do sistema educativo responde a unha acomodación entre o sistema escolar e os estadios evolutivos.

- Primeira infancia con educación infantil.
- Infancia media coa educación primaria.
- Adolescencia coa ESO.

¿Que implica esta etapa evolutiva? Pois moitos cambios. Xeneralizado podemos dicir:

Cambios a nivel físico:

- Hai cambios visibles (pelusa no bigote, agravamento da voz, aparición de grans, acumulación de grasa en certas zonas do corpo, aspecto máis desgarrado...). Moitas veces oímos: “non me gusta, que fea son...”)Non é de extrañar que exista un período de adaptación.
- Paralelamente dáse un aumento da forza e das competencias físicas, o que nos chicos tradúcese en interese polo deporte, na competitividade a este nivel; e nas chicas, a maior parte das ocasións, nun interese por estar guapas, e isto significa aproximarse a un canon de beleza imposto polos medios de comunicación; e chegan as súas carpetas de chicos guapos, imitan roupas...

Cambios a nivel psicológico: significan cambios importantes de personalidade:

- Producen a nivel interior inseguridade, sentimentos de inferioridade, desconcerto, ás veces, enfado, o mundo cambia aos seus pés...e non hai nada que facer.
- Este cambio e os sentimentos dan como resultado, na maioría dos adolescentes, un período de introspección, de egocentrismo. O centro do mundo son eles mesmos.

- Este espacio interior vaise chear de preocupacións por si mesmos, polo seu corpo, tenden a chearse de soños,, imaxinación, proxectos, reinventan o seu propio eu, o carácter...; por iso é habitual que pasen



moito tempo na súa habitación, tumbados na cama mirando ao teito, sumerxíndose no mundo da TV ou videoxogos.

- A nova personalidade experimentase en casa, pero como aí aínda pensan que seguen sendo nen@s; é no grupo de iguais onde se sinten libres para facer cousas, contarse de todo, comportarse como se foran miaoires, onde encontran a xente cos mesmos problemas, onde poden criticar aos seus pais, profesores...Agrúpanse por gustos ou intereses iguais, visten igual, falan igual, escoitan a mesma música...ë unha forma de reafirmarse e de separarse do mundo adulto., de pedir que necesitan un espacio de liberdade para probar, equivocarse e convertirse en adultos.
- Son gregarios e ademáis necesitan separarse dos seus pais; pero estes non deben deixar a un lado o seu labor de pais, ante este panorama teñen que seguir exercendo como pais, seguir representando unha autoridade;



e isto non pode perderse, porque os nenos o necesitan.

Cambios a nivel intelectual: hai un avance importante. Algúns pedagogos consideran que ao final da adolescencia (20-21 anos), algúns chic@s terán a capacidade de razoamento similar á do adulto. A partir dos 11/12 anos hai un salto cuantitativo e cualitativo moi importante: aumenta a capacidade de comprensión do entorno, poden razoar de forma inductiva e deductiva, poden reflexionar sobre realidade abstractas. É dicir, superan unha etapa do chamado razoamento concreto (7-11 anos) na que os nen@s teñen unha estrutura de pensamento máis ríxida e centrada no real e visible.. A partir dos 12 anos tamén dan un gran salto a nivel de capacidades. A partir de agora para convencelos de algo necesítanse razóns razoables, realistas e convincentes.

Así mesmo hai un desenvolvemento da sexualidade: a partir da puberdade despértanse en ambos sexos o interese polo sexo, polo seu corpo e polo dos demais, defínese a orientación sexual...

A nivel moral na adolescencia adquirese, pouco a pouco, unha moral autónoma, pénsanse e elíxense os valores que rexirán a vida...

5.- Algunhas orientacións aos pais/nais, profesorado e alumnado que facilitan o cambio de etapa:



Este cambio débese afrontar desde:

-Colaboración familia-escola:

. A través dos órganos de participación Asociación de Pais/Nais, Consello Escolar., actividades extraescolares...É moi positiva a participación dos pais/nais na vida dos centros. Nos IES é tan necesaria esa participación como nos colexios de infantil e primaria.

Comunicación fluída escola/IES-familia: a través do contacto co titor, falar con outros profesores, acudir ás reunións xeráis...

-Continuidade do currículo:

. Estreitar a coordinación entre o profesorado de Primaria e Secundaria, sobre todo en canto ao traspaso de información académica e “persoal” do alumn@.

. Unificar obxectivos e contidos termináis de 6º de



primaria, en parte determinados por lei.

-Acompañamento dos xoves polos seus pais/nais:

-Acompañando emocionalmente aos seus fill@s.

-Colaborando cos deberes escolares:

.Axudar a que organicen o seu tempo libre.

.Coidar o descanso e a alimentación.

.Lugar de estudio tranquilo, sen ruído, boa luz, mesa e silla que faciliten a postura de estudar...

.Planificación cada día, axenda escolar.

.Períodos de descanso, atención, concentración.

.Lectura comprensiva, esquemas ,resúmenes, comprensión do que se estudia, correcta expresión escrita..

.Puntualidade na entrega de traballos.



.Non facer os deberes por eles.

.Pedirlles traballo e responsabilidade.

.Escoitar,

observar,


estar



aí...

6.- CONCLUSIONES:

- A vida é unha constante adaptación a situacións novas. O mundo laboral esixe, cada vez máis, persoas capacitadas para desempeñar postos diferentes, tarefas distintas...
- En medio de todos os cambios da adolescencia, o papel dos pais e nais é fundamental e, ás veces, pouco agradecido polos seus fill@s. **Manter o nivel de autoridade e esixencia é básico, xa que dan seguridade e apoio aos nosos fill@s.**



“ El adolescente es un ser extraño, inocente como un ángel, orgulloso como un príncipe, valiente como un héroe, vanidoso como un pavo real, perezoso como un asno, indomable como un toro, irritable como una damisela.”(Stanley Hall, psicólogo e pedagogo especializado na nenez



Desde o Departamento de Orientación desexamos a tod@s moito ánimo para afrontar ben esta nova etapa, co esforzo necesario para sacar os estudos adiante e ter éxito na vida en todos os aspectos. Ánimo tanto aos nen@s como aos pais e nais.

(Departamento Orientación. CEIP “Sada y sus Contornos”)

